

Linguas

da



Península Ibérica

1. AS LINGUAS DA PENÍNSULA IBÉRICA

A península Ibérica divídese en tres estados: Portugal, España e Andorra.

- **Andorra** é oficialmente monolingüe en catalán, pero debido á súa situación xeográfica presenta unha grande variedade de linguas (francés, castelán ...)
- **Portugal** é practicamente **monolingüe**, aínda que conta con dúas linguas oficiais: o portugués e o mirandés (circunscrito ao municipio Miranda do Douro).
 - O **portugués**, despois do español, é o idioma románico con maior número de falantes (**265 millóns**).
 - É a **lingua oficial** de Portugal, do Brasil e doutros países que pertenceron ao seu imperio colonial (Mozambique, Angola, Cabo Verde)

No **estado español** coexisten **sete linguas** cunha extensión, vitalidade e recoñecemento legal moi distintos.

2. AS LINGUAS DO ESTADO ESPAÑOL

- **Cerca da metade dos cidadáns** que habitan no territorio do Estado español reside en áreas xeográficas onde **o castelán convive con outra lingua propia desa área**.
- Todas as comunidades que recoñecen a **cooficialidade** das súas linguas propias **aprobaron respectivas leis de normalización lingüística**, co fin de promover e regular o seu coñecemento e o seu uso, compensando así a situación de inferioridade en que se atopan co respecto á lingua estatal (o castelán)
- A **protección das linguas non estatais** está **amparada** pola lexislación da Unión Europea, especialmente pola "**Carta Europea das Linguas Rexionais**", acordo que está ratificado por España.

2.1. O GALEGO

- Fálano arredor de **dous millóns oitocentas mil** persoas en **Galicia** e nas áreas limítrofes de **Asturias, León e Zamora**, ademais de tres pequenas comunidades de Extremadura (San Martín de Trevejo, Eljas e Valverde del Fresno, as tres situada no **Val de Jálama**) e das comunidades galegas da **emigración**.
- Segundo a última **enquisa do IGE** (ano 2018), case o 73% da poboación entende o galego falado, sabe escribilo case un 30% e decláranlo como única lingua habitual un 30%.
- O seu **novo estatus legal** permitiu **gañar** nas últimas décadas **usos e funcións**, ademais de **prestixio social**, pero tamén se produciu unha grave **ruptura no proceso de transmisión interxeracional**, abandonando do galego como lingua habitual moita xente nova.

2.2. O CASTELÁN

- O castelán ten a súa **orixe** no latín vulgar falado no **condado medieval de Castela** (sur de Cantabria-norte de Burgos).
- A **progresiva unificación político-administrativa** dos diferentes reinos peninsulares á **coroa de Castela** motivou a introdución e **extensión do castelán** nos demais territorios, nunha situación de privilexio respecto ao resto das linguas periféricas españolas, que aínda hoxe conserva.
- É a **lingua oficial de 22 estados**. Fálase en **España, América do Sur, América Central, Filipinas e pequenas zonas de África**. Nalgúns países comparte a condición de idioma oficial con outras linguas (en Perú, co quechua e co aimara; en Paraguai co guaraní), sen embargo, noutras zonas, como EEUU, non goza dese recoñecemento.

2.3. O CATALÁN

- Fálano algo máis de **11 millóns** persoas, a maioría bilingües, nas comunidades onde é lingua cooficial xunto co castelán: **Cataluña, Baleares e Valencia** (nesta coa denominación de valenciano) e zonas limítrofes.
- Tamén se fala o catalán fóra do territorio español en **Andorra**, no **Rosellón francés** (Pirineos Orientais) e en **Alguer** (Sardenña).
- Debido a unha activa **política de inmersión lingüística** e ao **prestixio social e cultural** do catalán, a **recuperación** deste idioma é unha realidade dentro da súa comunidade, xa que o catalán pasa por ser a **lingua da burguesía**, mentres que o castelán da inmigración; non ocorre o mesmo no **territorio valenciano** onde o **castelán segue a ser a lingua dominante**.

2.4. O VASCO OU ÉUSCARO

- Fálano máis de **setecentas mil** persoas en **Euskadi, no norte de Navarra e no País Vasco francés** (tamén chamado Iparralde, situado no suroeste de Francia).
- Nas últimas décadas, a política lingüística do goberno vasco fixo que se **incrementase** sensiblemente o número de persoas que posúen **competencia lingüística en éuscaro**, aínda que non en todos os territorios por igual (perde falantes en Navarra e Iparralde). Tamén debe ser salientado o notable aumento da súa produción literaria.

2.5. OUTRAS LINGUAS ESPAÑOLAS

Ademais do galego, o éuscaro, o castelán e o catalán, existen outras falas no territorio español:

- O **bable**. Esta lingua romance fábase no Principado de Asturias, aínda que tamén ten continuidade no astur-leonés, falado nas rexións colindantes de León e Zamora. O bable conta entre 100.00 e 450.000 falantes; a aprendizaxe desta lingua impártase nalgúns colexios asturianos.

- O **aragonés**. A pesar de ser recoñecida como lingua propia polo Estatuto de Autonomía de Aragón, esta lingua atópase en regresión. Fálase no Alto Aragón e Zaragoza. Está moi presente no folclore popular da zona e impártese a súa aprendizaxe nalgúns colexios de primaria.

Na provincia de Huesca tamén rexistramos a presenza doutra fala, o **Benasqués**, o cal sobrevive como lingua familiar e coloquial.

- O **aranés**. Esta variante do gascón (unha das modalidades da lingua occitana) é falado por unhas sete mil persoas na Vall d'Aran, (Lleida), baixo a condición de lingua cooficial neste territorio. É o único territorio trilingüe do Estado español.

ACTIVIDADES

Localiza no mapa de España as diferentes linguas que se falan na península Ibérica.

A) Inclúe nas súas marxes a característica que che pareza máis salientable de cada unha delas.

B) Procura deixar claro como non sempre coinciden as fronteiras lingüísticas e as administrativas.

